

En Ourense, 20 de Marzo de 2019

ALEGACIONES AO ANTEPROXECTO DE LEI DE RESIDUOS E SOLOS CONTAMINADOS DE GALICIA

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Directiva 2008/98/CE do Parlamento Europeo e o Consello, do 19 de novembro, denominada Directiva marco de residuos, incorpora as políticas de prevención e as obrigas de reciclaxe, e establece unha nova xerarquía en materia de xestión de residuos, incorporando os principios do Sexto Programa Comunitario en Materia de Medio Ambiente.

A Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, traspón ao Estado español como norma básica o Directiva marco de residuos e deroga a lei anterior de 1998. A Lei 22/2011 establece os instrumentos da política en materia de residuos, como son os plans de prevención e de xestión de residuos, o seu contido e a obrigatoriedade de aprobación e actualización periódica para as comunidades autónomas.

A Lei de residuos e solos contaminados de Galicia debería ser unha lei para a xestión sustentable de residuos, así como unha ferramenta xurídica para dar un xiro cara o novo paradigma europeo e mundial da economía circular.

A xeración de residuos en Galicia ten que diminuír e os residuos que se xeren, deben deixar de ser un residuo para convertirse nun recurso.

Debe ser fundamental rachar coa dinámica centralizadora da xestión de residuos en Galicia na que a maioría do lixo galego viaxa longas distancias polo noso territorio para rematar incinerado (na súa maior parte) ou depositado nun macrovertedoiro no concello de Cerceda, agravando así enormemente os efectos do cambio climático e o despilfarro de recursos.

É entón obrigado (por imperativo legal) avanzarmos cara unha xestión descentralizada dos residuos:

- Que respecte o principio de proximidade
- Que priorice o principio de precaución.
- Que asegure a protección ambiental , a saúde das persoas e a protección dos recursos.
- Que estea adaptada á nosa organización territorial
- Que minimize o gasto enerxético e as emisións contaminantes asociadas ao transporte.
- Que sexa flexible e viable.
- Que sexa xusta socialmente.

Dende Amigos da Terra sabemos que o éxito na implantación de calquera medida, especialmente no plano tan sensible do medio ambiente, depende da colaboración e do grao de participación real da cidadanía.

Por isto un aspecto fundamental debe ser o de priorizar os procesos de participación activa, a educación ambiental, a formación e a concienciación por parte das administracións que sexa constante e que consiga acadar un cambio de hábitos reais a todos os niveis e a todas as idades.

Para 2020, a Unión Europea marca como obxectivo alcanzar o 50 % na recollida selectiva dos residuos xerados. As consecuencias do incumprimento sempre son máis graves que o esforzo de alcanzar os obxectivos marcados.

O primeiro gran reto para cumprir é a recollida selectiva obrigatoria e o tratamento diferenciado da materia orgánica, que supón, en peso, un 40 % máis ou menos da fracción resto. Xa hai municipios galegos con iniciativas moi ambiciosas postas en marcha (exemplo do pal Revitaliza de Pontevedra) e mancomunidades enteiras con recollida separada da materia orgánica para a súa compostaxe (Mancomunidade do Barbanza), pero iso aínda representa, en porcentaxe sobre o total galego, unha parte demasiado pequena.

Por iso, é imprescindible incorporar nesta lei a obrigatoriedade da recollida da materia orgánica, potenciar ao máximo a autocompostaxe e a calidade dos residuos , e marcar un límite máximo dun 5 % de impropios que asegure que o tratamento e por tanto o compost resultante sexa de calidade.

ALEGACIÓNS:**1. DISPOSICIÓNS E PRINCIPIOS XERAIS****CAPÍTULO I****Artigo. 2.**

d) En 2035 só poderán eliminarse en vertedoiro o 10% dos residuos domésticos xerados. Queda prohibido eliminar en vertedoiro residuos recollidos separadamente.

Neste artigo entendemos que todo residuo recollido a través dun contedor non pode ser eliminado en vertedorio, por tanto isto significa que absolutamente todos os produtos postos no mercado deben ser reciclables para poder acadar este obxectivo.

Doutro modo, o artigo debería especificar que queda prohibido eliminar en vertedoiro todos os residuos reciclables.

Por outra banda, propoñemos que este obxectivo sexa máximo do 10%, tal e como está redactado semella que se asume xa ese 10% de eliminación.

Proposta: En 2035 só se poderá eliminar en vertedoiro un máximo do 10% dos residuos xenerados non reciclables.

f) Establécense ademais como obxectivos aqueles fixados polas normas reguladoras de determinados fluxos de residuos, e en concreto, os seguintes.

En toda esta clasificación non se reflexan nin os biorresiduos nin os residuos textiles, cando A Directiva Europea de residuos obriga aos estados membros a implantar a recollida separada da materia orgánica e dos residuos textiles no ano 2023.

Proposta para incluír:

Esta Ley incorpora a obrigatoriedade da recollida separada dos biorresiduos e dos residuos textiles e marca os seguintes obxectivos:

- Separación en orixe da materia orgánica obrigatoria para municipios de máis de 5000 habitantes en 2020 e para municipios de menos de 5000 habitantes en 2023.

Para biorresiduos fíxase como mínimo un 50% antes do ano 2020 e terá que ser un 65% no 2030.

- Para os residuos téxtiles será obrigada a recollida separada a máis tardar o 1 de xaneiro de 2025 (tal como reflexa a Directiva marco de residuos).

- *Para as pilas e acumuladores portátiles o 50% a partir do 31 de decembro de 2020.*

Este obxectivo non ten un prazo máximo para o seu cumprimento.

Proposta:

Para pilas e acumuladores portátiles fíxase nun 50% para o 2025 e nun 55% para o 2030.

3. Para a consecución dos anteriores obxectivos:

a) Colaborarase coas entidades locais na xestión daqueles residuos da súa competencia, con especial atención á implantación efectiva da recollida separada en orixe de novas fraccións, en especial dos biorresiduos para destinalos a compostaxe ou a dixestión anaerobia. Os concellos deberán instaurar a recollida separada dos biorresiduos no servizo de xestión dos residuos municipais antes do 31 de decembro do 2023.

Potenciar a compostaxe aerobia da fracción orgánica debería ser prioritario. A biometanización pode ser unha técnica positiva, xa que é compatible coa compostaxe e permite obter un rendemento material (compost para os chans) e un rendemento enerxético (biogás). Pero a aplicación práctica desta técnica non ofrece na actualidade beneficios que compensen o elevado investimento económico que require en comparación con plantas de compostaxe convencional.

Propoñemos por tanto que a materia orgánica sexa tratada en pequenas plantas de compostaxe, locais e/ou comarcais, máis baratas que as de biometanización, e que os recursos económicos que se aforren dedíquense a unha mellora da recollida selectiva en orixe, que deberá incluír a fracción orgánica, e a impulsar aqueles sistemas que demostren ser máis eficientes, como o Porta a Porta e a inclusión do quinto contedor pechado, pois son os únicos que garanten a minimización de impropios que contaminan a fracción orgánica e deterioran a calidade do compost. A compostaxe doméstica pódese combinar perfectamente con calquera dos dous sistemas precisados.

Capítulo III. Principios da Política de residuos.

O principio de precaución, debe estar presente como principio básico das políticas de residuos, xa que respalda a adopción de medidas protectoras ante as sospeitas fundadas de que certos produtos ou tecnoloxías supoñen un risco grave para a saúde pública ou o medio ambiente, aínda que non se conte con probas científicas definitivas.

A xestión dos residuos por tanto ten que estar rexida polo principio d precaución no ámbito da protección medioambiental, da viabilidade técnica e da protección dos recursos. Todos os procedementos de manexo dos residuos teñen que facerse sen xerar riscos para a saúde ambiental e das persoas

Proposta: Engadir este principio ao texto.

Artigo 11. Xerarquía de residuos.

Punto 2. 2. Con todo, se para conseguir o mellor resultado ambiental global en determinados fluxos de residuos fose necesario apartarse da devandita xerarquía, poderase adoptar unha orde distinta de prioridades, previa xustificación por un enfoque de ciclo de vida, sobre os impactos da xeración e xestión deses residuos, tendo en conta os principios xerais de precaución e sustentabilidade no ámbito da protección ambiental, viabilidade técnica e económica, protección dos recursos, así como o conxunto de impactos ambientais sobre a saúde humana, económicos e sociais.

Proposta: Eliminar por completo este parágrafo que parece unha xustificación para saltarse a xerarquía de xestión que debe ser respetada sempre. O enfoque de ciclo de vida debe ser total, de inicio a final.

Artigo 13. Acceso á información e participación en materia de residuos

Consideramos a participación en materia de residuos fundamental para que calquer proceso sexa exitoso, pero a lei debe establecer mecanismos concretos de participación para que este parágrafo teña sentido.

Proposta:

A incorporación de programas de participación activa para coñecer opinións, dúbidas e propostas da sociedade e, especialmente das administracións locais, no referente á xestión dos residuos en Galicia, comezando cun proceso de información sobre o estado actual, beneficios e prexuízos dos diferentes modelos implantados, até o de agora, en Galiza e a explicación das novas incorporacións como por exemplo a recollida

separada da materia orgánica e os mecanismos para a súa implantación.

Artigo 15. Información e concienciación cidadá

No punto f) *Fomentar a diminución do uso de envases e embalaxes de produtos de difícil reutilización ou reciclaxe, prestando especial atención ao ecodeseño.*

Ainda que a cidadanía ten unha parte de reponsabilidade na parte final da cadea (a do consumo), a composición dos envases que se poñen no mercado e responsabilidade exclusiva das empresas envasadoras, por tanto deberase legislar para impedir que as empresas poñan no mercado envases de difícil reciclabilidade ou sobreenvasado.

Proposta:

Establecemento en Galicia de medidas de regulación da sobreembalaxe dos produtos, entre elas a definición dunhas “embalaxes mínimas necesarias” e a implantación dunha taxa á sobreembalaxe.

Proposta de inclusión dun Artigo adicional:

Dentro dos principios da política de residuos propoñemos engadir un artigo adicional.

Proposta de incluír un Artigo 16. Principios de autosuficiencia e proximidade:

Tal e como explicábamnos ao inicio do documento, Galicia parte dun modelo extremadamente centralizado noque o lixo percorre grandes distancias para ser tratado ineficientemente e con un desperdicio total de recursos na planta de Sogama.

Dada a situación de crise ambiental global, Galicia non pode permitirse seguir despilfarrando enerxía nin recursos aproveitables e debe tender a un modelo descentralizado que priorice a mínima xeración de residuos en primeiro lugar, que os que se produzan sexan tratados en orixe en segundo lugar e os que non poidan ser tratados en orixe, percorran os mínimos kilómetros posibles en último lugar.

Esta debera ser a xerarquía que primase na nosa Comunidade.

Por tanto, estes principios deben aplicarse necesariamente na elaboración dos plans de prevención e xestión de residuos.

A nosa esixencia de descentralización segue o modelo de países como Austria, onde, para pouco máis de 8 millóns de habitantes, dispoñen de case 500 plantas de compostaxe, cunha capacidade media de tratamento de case 6.000 toneladas de materia orgánica por planta e ano.

Artigo 16. Da Planificación

1. Corresponde á Xunta de Galicia a elaboración e aprobación dos plans de xestión e de prevención de residuos, de conformidade co previsto na normativa básica, a presente lei e as súas normas de desenvolvemento.

Proposta: Ademais de corresponder á Xunta a elaboración e aprobación dos plans, esta administración debe asegurarse tamén do seu cumprimento, por tanto propoñemos engadir:

Punto 4. Corresponde á Xunta de Galicia establecer mecanismos de seguemento e avaliación do cumprimento dos obxectivos marcados nesta lei e nos plans de xestión e prevención desenvolvidos a partir da mesma.

Así mesmo, dentro do Artigo 16 **propoñemos incluír** o seguinte punto que irían en coherencia cos obxectivos marcados:

- Promover accións de sensibilización para evitar o abandono de residuos e evitar a degradación de espazos naturais terrestres e marítimos, así como urbanos, garantindo a conservación dos solos, e promover a súa rexeneración.

Especificamente, respecto da planificación en prevención.

Propoñemos incluír os seguintes puntos:

- Mellorar a información a disposición da cidadanía sobre prevención na xeración de residuos e a súa reciclaxe.

- Promover a participación activa nas accións de redución da produción de residuos e a súa perigosidade e na implementación da recollida selectiva.

- Promover accións de sensibilización e formación para fomentar medidas para a prevención e a preparación para a reutilización dos residuos.

Proposta de novo Artigo:

A xestión dos residuos ten unha gran incidencia na produción de emisións tanto no seu transporte como no proceso de transformación e eliminación. Os plans de xestión de residuos teñen a necesidade de regular a produción de emisións de gases de efecto invernadoiro relacionados coa xestión dos residuos e plans de redución e seguimento dos resultados anualmente.

CAPÍTULO III

Artigo 23. Da Sociedade Galega de Medio Ambiente

Proposta:

Como sociedade pública que é deberá elaborar e publicar anualmente unha memoria de actividade con datos e resultados dos seus procesos, podendo así ser avaliada a súa actividade.

TÍTULO II

Da produción, posesión e xestión de residuos

CAPÍTULO I

Artigo 24. Obrigas do produtor ou outro posuidor inicial relativas á xestión de residuos

Proposta para incluír:

8. Todos os produtores de residuos de Galicia deben ter en conta e planificar medidas de minimización dos residuos xerados seguindo a orde de prioridades das políticas en materia de residuos.

Así mesmo deberán elaborar e remitir á Xunta de Galicia un estudo de minimización na produción de residuos cada catro anos.

TÍTULO III

Xestión de residuos domésticos, comerciais e industriais

Artigo 36. Edificios públicos

Proposta:

A administración debe ser exemplarizante e no ámbito das súas competencias debe favorecer e fomentar a prevención de residuos. Non pode quedarse únicamente na xa vella separación selectiva.

Os edificios públicos por tanto, deben evitar a venda de produtos de usar e tirar e favorecer o uso de envases reutilizables ou retornables.

Para tal finalidade, poden promover a instalación de fontes de auga potable nos espazos públicos ou o uso de auga en envases reutilizables.

Así mesmo, a administración debe priorizar a compra pública responsable de produtos co menor impacto posible, duradeiros, reparables, cos mínimos residuos posibles, de produtos reciclados e sempre reciclables.

Artigo 38. Programas de implantación de compostaxe doméstica e comunitaria

Ainda que o nome do artigo inclúe á compostaxe doméstica o seu desenvolvemento non fai ningunha referencia á mesma.

A compostaxe doméstica, actualmente desenvolvida en numerosos concellos galegos con resultados moi exitosos, podería aplicarse como mínimo a un 30% da poboación galega. Para que isto poida ser realidade é preciso unha aposta das distintas administracións por impulsar proxectos que leven parellos un proxecto educativo e un seguemento que asegure o éxito e consolide esta práctica na maior parte posible de fogares galegos.

Para facilitar a posta en marcha de programas de compostaxe doméstica , **solicitamos** o desenvolvemento dunha normativa relativa ás experiencias de compostaxe descentralizada, que normalice e homoxenice os requerimentos necesarios para este tipo de prácticas. Para a implantación destes programas consideramos imprescindible a formación de equipos de persoas especialistas e dotalas de partidas orzamentarias específicas.

Propoñemos incluír:

Os entes locais teñen que establecer sistemas para potenciar a opción da compostaxe doméstica entre toda a cidadanía a través de programas que leven parellos un proxecto educativo e un seguemento por profesionais, que asegure o éxito e consolide esta práctica na maior parte posible de fogares galegos.

Artigo 40. Redución do desperdicio alimentario

Punto 3.

Proposta para incluír:

Punto e) Formación e concienciación en toda a cadea alimentaria: dende produtores a consumidores.

TÍTULO VI. Dos solos contaminados
Alegacións:

Artigo 48: Principios da política de solos

Apartado 3: a recuperación do solo debe realizarse acorde co uso ao que está destinado e tendo en conta os parámetros de calidade que presentaba o solo antes de iniciarse o aproveitamento do mesmo.

Apartado 4: as actuacións de recuperación deben garantir que materializan solucións permanentes, primando, na medida do posible, as técnicas de tratamento *in situ* e respectando en todo momento o principio de xerarquía na produción e xestión dos residuos.

Apartado 5: a asignación de usos so no caso en que se garanta tras finalizar a actividade o desenvolvemento dunha acción recuperadora adecuada do solo.

Artigo 51. Obrigas de información

Valorar, por parte del órgano competente en materia de solos, a necesidade de presentar un Informe de Situación (IS) cunha periodicidade menor aos cinco anos naquelas actividades potencialmente contaminantes levadas a cabo en zonas vulnerables á erosión e desertificación do solo.

Artigo 56. Declaración de solos contaminados

Apartado c: datos específicos de recuperación ambiental. Incluir un proxecto de recuperación da calidade do solo, así como as actividades de monitorización que aseguren o correcto desenvolvemento do mesmo.

Apartado e: unha vez subsanada a declaración de solo contaminado, será necesario revisar os usos aos que poderá destinarse o solo en función da calidade recuperada e dos efectos que poda ter unha nova contaminación sobre o medio.

Artigo 57. Efectos da declaración

Apartado 1: a declaración dun solo como contaminado non so debe supoñer a obriga de realizar as operacións necesarias para proceder a recuperación do solo, senón tamén na posta en marcha das medidas preventivas necesarias para garantir que a degradación e contaminación do solo non volva a repetirse en canto a actividade siga realizándose.

Artigo 59. Reparación en vía convencional de solos contaminados

As medidas de recuperación de solos contaminados poderán levarse a cabo mediante a subscripción de Convenios de colaboración entre quen deba adoptar as ditas medidas e as Administracións Públicas, incluíndo o outorgamento de axudas públicas, previo compromiso de que as posibles plusvalías que adquiran os devanditos solos despois da súa recuperación reverterán, na contía subvencionada, a favor da Administración Pública que a financiara.

Entendemos que este parágrafo ignora o principio de “quen contamina paga e quen dana repara” (*artigo 48*), asumindo que a propia administración poida financiar o dano causado por actividades comerciais ao medio ambiente. A reparación debe ser responsabilidade exclusiva dos causantes do dano e de deixar ese espazo no seu estado orixinal.

2. DISPOSICIÓNS ADICIONAIS:

Proponse engadir as seguintes ao texto

1. Comisión de residuos de Galicia

Proponse a creación dunha comisión de residuos de Galicia como órgano consultivo e participativo competente en materia de planificación e xestión de residuos, a entidades representantes da cidadanía galega tales como entidades de consumidores e entidades ambientais sen ánimo de lucro.

2. Creación dunha “Axencia da Redución e Eficiencia”, que desenvolva labores de asesoría a administracións e empresas privadas para conseguir unha redución no sector productivo e industrial, os grandes xeradores de lixo. Un dos primeiros traballos desta Axencia pode ser o de desenvolver unha ecoauditoría na Administración Galega en relación á xeración de residuos, onde se analicen os fluxos de materiais na administración, de cara á posta en práctica medidas de redución da cantidade de lixo e a perigosidade dos residuos xerados pola Xunta.

3. Implantar con carácter obrigatorio os Sistemas de devolución, depósito e retorno co fin de que se implante con carácter obrigatorio como mellor ferramenta de xestión de residuos e para evitar o abandono de determinados produtos e residuos no medio natural e mariño, así como ferramenta que permita de forma real e eficaz o cumprimento dos obxectivos de xestión marcados polas novas Directivas Europeas. Tras a modificación da Lei 22/11 en 2012 mediante un real Decreto de medidas urxentes, pechouse a porta a nivel estatal para a implantación de sistemas de depósitos, devolución e retorno. Con todo, nestes anos, produciuse manifestacións a favor do sistema tanto no Relatorio de Residuos do Senado, como en estudos, como o da Generalitat de Cataluña de 2017, na Lei de Residuos Navarra, ou a nivel europeo, onde se ve reflectida a importancia dos SDDR para a reutilización de envases, tanto no Directiva Marco de Residuos como na de envases e residuos de envases, ou a nivel global na Asemblea do Programa de Medio Ambiente da Nacións Unidas.

4. Canon sobre a vertedura e a incineración de residuos

No caso de que non se cumpran os obxectivos que marca esta lei nos prazos marcados, o Goberno Galego ten que promover o establecemento dun canon para gravar a disposición do rexeitamento dos residuos municipais destinados a depósito controlado e incineración, con ou sen recuperación enerxética.

A finalidade do canon ten que ser o fomento da prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe dos residuos, coa fracción orgánica como preferente, así como desincentivar a eliminación en vertedoiro e a incineración.

En Ourense a 20 de Marzo de 2019

**Amigos da Terra**Rúa Bedoia 5 - 2º D - 32004 Ourense
Tel./Fax: 34 988 374318
info@amigosdaterra.net